



Debuxo de **Ana Peña Ares**. Colexio Sagrado Corazón 3º ESO curso 2014/15

XXI festival de Bandas

Domingo 28 de Xuño de 2015

19:30 horas

Parque San Francisco

(En caso de choiva trasladarase a o Auditorio Hernán Naval)

BANDAS PARTICIPANTES:

Banda de Música Sementeira de Cambre

Banda de Música Vila de Cedeira

Banda Municipal de Música de Ribadeo

sabías que...

MÚSICA = AUTOESTIMA

Os pequenos avances que día a día experimentará un estudiante de música serán una fonte de satisfacción que gratificarán todo o esforzo invertido. A medio prazo o control sobre o instrumento será maior, co que tamén medrará a motivación e perfeccionismo; ao cabo dos anos poderá mirar atrás e ver que mereceu a pena e todo foi posible grazas a el mesmo.



BANDA DE MÚSICA SEMENTEIRA DE CAMBRE

Historia da Banda



A BANDA DE MÚSICA "SEMENTEIRA" DE CAMBRE fai a súa presentación oficial no Local "A Xuventude de Cecebre" o 27 de decembro de 1986, formada e dirixida polo recoñecido mestre D. Francisco Rivas Andrade, dende a súa formación, ata o ano 2001. Baixo a súa batuta ofreceu numerosos concertos por toda Galicia, actuando tamén en Asturias, Valencia e Portugal, sendo destacable a súa participación no programa da TVG "Con Música Propia".

É unha banda de música formada maiormente por xóvenes que comenzaron aprendendo Linguaxe Musical e instrumentos de Banda da propia Escola, gracias ó recoñecido prestixio do cadro de profesores colaboradores; este co-mezo sentará as bases para que os alumnos fagan a carreira de música gañando difíciles oposicións a nivel rexional e nacional.

Dende o ano 1997 "Sementeira" organiza, xunto coa Concellería de Cultura de Concello de Cambre o "FESTIVAL DE BANDAS DE MÚSICA DE CAMBRE". Esta iniciativa ten unha boa acollida tanto entre a poboación como entre os componentes das bandas que ó longo destes anos se veñen invitando, de ahí que se manteña como unha cita anual no mes de agosto.

Na actualidade, o número de componentes da Banda de Música "Sementeira" de Cambre, Xuvenil e Titular, é de 90, e dende o ano 2001 segue actuando en numerosos concertos por toda Galicia dirixida por D. Francisco Javier Vidal Suárez, mestre solista da Banda Municipal da Coruña.

No ano 2004, organizado pola Área de Cultura e Benestar Social do Concello de Cambre, tivo lugar, con grande éxito de público e lugar a moitas noraboas pola iniciativa o "1º CONCERTO DE MÚSICA VOCAL E INSTRUMENTAL", no que baixo a dirección de D. Francisco Xavier Vidal Suárez, actuaron convintamente a Banda de Música "Sementeira" de Cambre, a Coral de Santa María de Cambre, a Coral de Cecebre, o Coro Parroquial de Sigrás, a Coral "O Adro" de Bribeis e a prestixiosa mezzosoprano María José Ladra. Este proxecto repetiuse de novo no ano 2008, cos mesmos protagonistas e cun éxito se cabe maior.

Unha nova experiencia que xurdiu tamén no ano 2004 foi a celebración dos "CONCERTOS DIDÁCTICOS", donde os alumnos dos Colexios Públicos de Ensinanza Primaria de Cambre teñen a oportunidade de coñecer e escoitar máis de cerca tódolos instrumentos que forman parte dunha

Banda de Música e, considerando o valor pedagóxico que ten, decidiuse incluir esta actuación dentro das programadas anualmente pola Banda.

No ano 2005, nace a BANDA SINFÓNICA, unha formación creada conxuntamente coas Bandas de Música de Sada e Vilalba, que permitiu a posibilidade de disfrutar e manter unha convivencia musical moi agradable cos demais membros da agrupación, formada por máis de cen músicos.

Tamén no ano 2005 produciuse o nacemento da XOVE Banda de Música "Sementeira" de Cambre, agrupación paralela á Banda Titular, e que serve como iniciación do músico nun conxunto, aprendendo a familiarizarse máis co esceario e a actuar en grupo, para logo, dar o salto á propia Banda de Música "Sementeira" de Cambre.

No ano 2011 créase a BANDA INFANTIL, formada por alumnos de 1º, 2º e 3º cursos.

Así anualmente se veñen organizando concertos extraordinarios, fóra do programa habitual da Banda de Música no Concello de Cambre, como son o "CONCERTO DE DIRETORES", "CONCERTO CON REPRESENTACIÓN MUSICAL TEATRAL: Peer Gynt", "CONCERTO DE SOLISTAS", "CONCERTO DE MUSICAIS", "CONCERTO DE MÚSICA SINFÓNICA PARA BANDA", "CONCERTO DE MÚSICA CLÁSICA", "CONCERTO DE BANDAS SONORAS", "CONCERTO HOMENAXE A PUCHO BOEDO e PRUDENCIO ROMO", "CONCERTO DE FADOS PORTUGUESES" e numerosos proxectos de futuro orixinais e inéditos.

Outra das actividades que se vén levando a cabo nos últimos anos son os CONCERTOS DE ALUMNOS, celebrados dúas veces no curso e nos que os rapaces e rapazas da escola toman contacto co escenario e valoran realmente a actividade musical na que se están a formar. Tamén se realizan os VENRES MUSICAIS, onde os alumnos coñecen todas as familias de instrumentos e o seu funcionamento. Estes concertos son unha ampliación das diversas audições que se realizan ao longo de todo o curso nas diferentes disciplinas que se imparten na Escola.

A paixón pola música seguiu a impulsar o instinto creativo da Banda e isto levouna á creación de varios GRUPOS DE CÁMARA (vento madeira/metal e percusión) e dunha nova agrupación, a BIG BAND, formada por músicos da propia Banda e que non deixa de ser un desexo máis de reunión e amizade entre todos os integrantes da mesma.

En setembro de 2007, a BMSC leva a cabo a GRAVACIÓN do seu PRIMEIRO CD, nos estudos MANS (A Coruña), repetindo experiencia cun SEGUNDO CD en xuño de 2012, co gallo do 25º aniversario da agrupación.

No vindeiro mes de novembro de 2013, a BMSC concursará no VII CERTAME GALEGO DE BANDAS DE MÚSICA, no Auditorio de Galicia, en Santiago de Compostela.

Os premios conseguidos por la Banda de Música "Sementeira" de Cambre son:

- I CERTAME GALEGO DE BANDAS DE MÚSICA (Novembro 2007), consegue o PRIMEIRO PREMIO na sección

merosas ocasións. Colaborou coa "Orquesta Sinfónica de Euskadi", coa "Orquesta Sinfónica de Galicia" e coa "Real Filharmonía de Galicia".

Foi director da "Banda de Música Municipal de Viveiro" desde o ano 1994 até o 2005, banda coa que realizou multitud de proxectos musicais como, entre outros, a creación da "Banda Sinfónica das Rías Altas", formada por músicos das distintas bandas da Mariña lucense e do norte da Coruña, e da cal foi director desde a súa creación en 1998.

Coa "Banda de Música Municipal de Viveiro" actuou na Bretaña francesa, nun irmandamento coa cidade de Lanión, e tamén viaxou a Cuba para irmandarse coa Habana Vella ofrecendo varios concertos.

Tamén realizou no ano 2004 un Máster en interpretación do clarinete na Universidade de A Coruña cos mestres J. Luis Estellés, Michel Lethiec, Antony Pay, Henry Bok, Hans Deinzer e Meloni.

Na actualidade forma parte do cadro de profesores da Banda de Música Municipal de A Coruña desde 1989 sendo clarinete solista. Ademais, realiza un importante traballo de música de cámara con grupos como o quinteto de vento "Coruña Quintet" e o cuarteto de clarinetes "Divertimento", formacións coas que percorre a xeografía galega ofrecendo recitais, así como levando a dirección da BANDA DE MÚSICA "SEMENTEIRA" DE CAMBRE, e as outras formación paralelas, como son a Banda Infantil, Banda Xuvenil e Big Band.

Programa

- CONTOS DA ALDEIA

Muiñeira de concerto
Antón Alcalde

- OCTOBER

Eric Whitacre

- LA DEL SOTO DEL PARRAL

Concertante
Soutullo - Vert

- HISPANIA

Fantasía española
Óscar Navarro

BANDA DE MÚSICA VILA DE CDEIRA

Historia da Banda



A Banda de Música Vila de Cedeira inicia a súa andaina no ano 1992 cun proxecto para impartir clases de música que daría lugar, tres anos máis tarde, á súa presentación oficial. Asociados durante este primeiro periodo coa Asociación Cultural Robaleira, a Banda de Música "Vila de Cedeira" consolídase como asociación independente no ano 2001, sendo o seu director titular e fundador D. Pascual Montesinos Orts.

Durante estos primeiros anos, a banda desenvolve unha intensa actividade cultural tanto dentro da Comunidade Autónoma de Galicia como fóra dela, destacando as súas actuacións en Alacante, Semana Santa Ferrolá así como a gravación do seu primeiro CD no ano 2005.

No ano 2008, D. Vicente Castro Corral faise cargo da dirección da banda. Ó longo deste novo periodo a banda actúa

en diferentes vilas e cidades por toda a xeografía galega e é invitada a participar en Certames e Intercambios con outras agrupacións.

No ano 2012, xunto coa Asociación Cultural Robaleira, a banda faise cargo da xestión da Escola Municipal de Música, na que na actualidade se forman alumnos de todas as idades. Nesta nova etapa compaxínase esta labor educativa con outras actividades culturais entre as que destacan a Xuntanza de Bandas, o Curso de Música de verán, actividades didácticas en colaboración cos diferentes centros de ensinanza da vila, ciclos de concertos anuais con temáticas variadas, etc.

Dende Xaneiro de 2014 ata a actualidade a banda está dirixida por D. Mateo Gómez Naval.

O Director



Mateo Gómez Naval (Viveiro-1988). Comeza os seus estudos de trombón á idade de 8 anos no Conservatorio Municipal de Música de Viveiro có mestre Delio Represas, e no cal remata os estudos de Grao Medio. Continúa a súa formación no Conservatorio Superior de Música de A Coruña cós profesores Arturo Centelles e Iago Ríos, acadando o título de Grao Superior na especialidade de trombón con Matrícula de Honra no concerto de fin de carreira.

Ao mesmo tempo asiste a numerosas clases magistrais e cursos de perfeccionamento con mestres de prestixio internacional coma: Brand Attema, Jacques Mauger, Francisco Rosario, Petur Eiriksson, entre outros. No campo da dirección asiste a cursos cos mestres Pascual Vilaplana e Simone Fermani.

Foi membro activo da OJSG (Orquesta Joven da Sinfónica de Galicia), ademais na actualidade segue formando parte de orquestas como a JOSCAN (Joven Orquesta de Cantabria) ou a TWO (The World Orchestra). Así mesmo é trombón principal da Orquesta Gaos dende o ano 2009.

No ano 2010 estuda na Royal College of Music in Stockholm, sendo o seu profesor Hakan Björkman. Na súa estancia en Suecia colabora como músico invitado cá Swedish Radio Symphony Orchestra, ademais de numerosas agrupacións da escola do país escandinavo.

No ano 2012 acada o premio de 1ª Mención de Honra no concurso Excelencia Musical organizado pola Fundación Paidéia. Grazas a este premio, ten a oportunidade de grabar un CD como intérprete solista xunto ó pianista Gabriel López.

Na actualidade está a cursar Dirección Orquestal e Coral no Conservatorio Superior de Música de A Coruña có mestre Fernando Briones.

En xaneiro do 2014 faise cargo da dirección da Banda de Música Vila de Cedeira.

Programa

EL TÍO CANIYITAS

Ricardo Dorado

TROIS DANSES

A. I. Khachaturian
(Arr. J. Ardenais)

DISNEY FANTASY

Naohiro Iwai

AS PENELAS

F. Pérez Seara

1996 é admitido, mediante proba de acceso, no Conservatorio Profesional da Coruña e alí estuda con Carlos Casadó. En 2003 ingresa no Conservatorio Superior da Coruña e comparte aulas con José M. Belló.

Asistiu a cursos con profesores de gran prestixio como Guy Deplus, Michael Arrignon, Roy Jowit, Walter Beykens, Joan Enric Lluna, Enrique Pérez Pique... Participou en diversas actividades formativas de Música de Cámara co catedrático Luis Rego e de Recursos Pedagóxicos na Educación Musical con Enrique Muñoz. Tamén realizou cursos de dirección con Jan Cober, J.R. Pascual-Vilaplana e Norman Milanés.

Foi profesor na Escola de Música de Ortigueira. Colaborou coa OSG nunha gravación para unha banda interna.

Membro do cuarteto de clarinetes Stadler e tamén da Banda Municipal de Betanzos, formou parte do grupo de música de cámara Proxecto Cámara 2.07 é clarinetista solista na Banda Ferrolá de Música. É decote reclamado para colaborar con agrupacións de diferentes puntos da nosa comunidade: Silleda, O Rosal, Monterroso, Santa Cruz de Ribadulla, Arteixo

...

Na actualidade exerce tamén como profesor de clarinete na Escola Municipal de Música e Danza de Ribadeo, e dende 2009, dirixe a Banda Municipal desta Vila.

Programa

HOMENAJE

José de la Vega

REFLECTIONS OF THIS TIME

Ted Huggens

1.- The Exciting New Harmony Band

2.- Blue Air

3.- Fuge A' La Mode

PACIFICS DREAMS

Jacob de Haan

Participa coa Banda, faite socio



Asociación Amadores da Música

Nome e apelidos:

Enderezo:

Localidade:

C.P.: Provincia:

Teléfono:

Correo electrónico:

Cuota anual (12€ mínimo):

Conta bancaria (IBAN):

Titular:

Asdo:

Data:

Unha vez cuberto podes entregalo no buzón de suxerencias da Escola de Música e Danza de Ribadeo.

Por correo electrónico a amadoresdamusica@yahoo.es

Por correo ordinario ao apartado de correos nº41 de Ribadeo.

En caso de algunha dúbida podes chamar aos teléfonos 982 12 00 73 ou 629 88 19 30.

Perdón polas molestias

Próxima actuación: Concerto de Indianos, 12 de xullo.



Asociación Amadores da Música



DEPUTACIÓN DE LUGO
Institución Provincial

